



## ACORDO SOBRE MOBILIDADE INTERNA DE PRAZAS VACANTES NA XAP DE CORUÑA

En A Coruña, a vintenove de outubro de dous mil dez, reunidos a Directora Xerente de Atención Primaria de A Coruña e as Centrais Sindicais CCOO, CESM-SATSE, CIG, CSLF, OMEGA, SAE E UXT, e coma consecuencia dos procesos negociadores que tiveron lugar, suscriben o presente ACORDO sobre o procedemento para a mobilidade interna DE CARÁCTER PROVISIONAL de prazas vacantes na XAP de A Coruña.

**Primeiro: Prazas.** As prazas ofertadas terán a consideración de vacantes puras, non ocupadas por persoal con vínculo temporal, sen prexuízo do establecido no D. 200/93. A súa oferta será inmediata á súa consideración de vacante tendo carácter de proceso ABERTO E PERMANENTE.

**Segundo: Ámbito de aplicación.** O ámbito dos cambios derivados deste procedemento e a XAP de A Coruña e terán opción a participar neste proceso o persoal dependente desta Xerencia de Atención Primaria con PRAZA EN PROPIEDAD.

Quedan excluídos deste procedemento os postos de carácter directivo, así coma os postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, cuxa provisión é obxecto de regulación específica establecida no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, e na súa execución, na Orde do 24 de maio de 2006.

**Terceiro: Supostos.** Os supostos de mobilidade voluntaria incluídos neste acordo son os que se relacionan a continuación de acordo coa seguinte orde de prelación:

1. Mobilidade por razón de saúde do cónxuxe ou fillo ou persoa maior ao seu cargo. Persoal da XAP da Coruña.
2. Conciliación por fillos a cargo menores de 12 anos. Persoal da XAP da Coruña.
3. Antigüidade no SNS so de aplicación ao persoal con praza en propiedade no ámbito da XAP de Coruña.

Se hai algún profesional pendente de adaptación por motivos de saúde e/ou maternidade e non hai outra praza onde se poda adaptar, tería prioridade sobre esta orde en función da súa lexislación específica.

No caso de acoplamento derivado da mobilidade por razón de saúde do cónxuxe, fillo ou persoa maior a cargo así coma conciliación por fillos a cargo menores de 12 anos, revisarase a situación semestralmente e finalizará en todo caso se desaparece o feito causante do devandito acoplamento.

CSLF

UXT  
ROBERTO PEREZ FERNANDEZ

SAE

Xacobeo 2010

DIRECTORA XERENTE  
XAP CO

OMEGA

CCOO

CIG



**Cuarto: Solicitudes.** Cada aspirante deberá cubrir unha única solicitude axustándose necesariamente ao modelo normalizado de solicitude que figura no Anexo II. En cada solicitude poderán poñer por orde de preferenza os centros e quendas que soliciten, cun máximo de 5. O prazo de presentación de solicitudes é aberto e permanente, nembargante abrirase un prazo específico de 5 días hábiles ao realizar a convocatoria de cada praza que se oferte. Avaliaranse todos os méritos achegados durante o prazo de presentación de solicitudes /ata o día anterior á convocatoria da praza ofertada. A solicitude deberá acompañarse dos documentos orixinais ou fotocopias compulsadas dos méritos que aporte.

Admitirase a retirada do proceso ou renuncia por parte dos interesados no prazo de presentación de solicitudes / ata a mesma data da adxudicación da praza ofertada pasando a ser adxudicada ao aspirante seguinte en puntuación obtida, sen ningún tipo de penalización.

A permanencia na praza obtida será ata que se proceda a súa cobertura por calquera dos procedementos legalmente establecidos (concurso de traslados, OPE, amortización/reconversión praza). E de non ser así, aos dous anos a persoa acoplada terá a posibilidade de optar por volver á súa praza orixinal ou seguir acoplada ata a finalización do proceso.

**Quinto: Desenvolvemento e publicidade do proceso.** A resolución pola que se proceda a apertura do prazo específico de 5 días hábiles para a presentación de solicitudes será publicada no taboleiro de anuncios da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, na páxina web do Servizo Galego de Saúde e será remitida á Comisión de Centro e por e-correo aos profesionais afectados dependentes da XAP da Coruña.

*[Handwritten signature]*  
DIRECTORA XERENTE  
XAP CO

**Sexto: Comisión de mobilidade.** Para o estudo da documentación, correspondente baremación e resolución de cantas incidencias se poidan producir no proceso, créase unha Comisión integrada por membros da Administración e das Centrais Sindicais asinantes do presente Acordo.

**Composición da Comisión Paritaria** (1 membro por cada Central Sindical con voz e voto e os representantes que a Administración designe con igual número de votos que os membros das organizacións sindicais). No caso de producirse empate, considerarase o voto de calidade da Administración. Cabe o voto delegado.

É incompatible a participación no proceso de prazas internas coa representación na Comisión Paritaria.

**Sétimo: Mobilidade por motivo de saúde e protección da maternidade.** A mobilidade por razóns de saúde e/ou maternidade regularase pola Orde do 16 de

UKT  
ADOLFO PEREZ FERNANDEZ  
*[Handwritten signature]*

SAE  
*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*  
CSI-F

*[Handwritten signature]*  
Kubelwado

*[Handwritten signature]*  
OMEN

*[Handwritten signature]*  
CESM



setembro de 2008 (DOG 30 de setembro) pola que se establece o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

**Mobilidade por violencia de xénero .** A mobilidade por razón de violencia de xénero regularase de conformidade co artigo 36 do Decreto 206/2005 do 22 de xullo (DOG 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

**Oitavo: Periodicidade de solicitudes.** O prazo para poder participar nun novo acoplamento en tanto se manteña a situación de acoplado, será de 2 anos para todas as categorías, en tanto se manteña a situación de acoplamento.

**Noveno: Vixencia.** Dado que se está negociando os criterios reitores das bases da mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo das institucións sanitarias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde este acordo terá vixencia ata que entren en vigor as bases en servizos centrais da mobilidade voluntaria nas institucións sanitarias de Atención Primaria.

En proba de conformidade co anteriormente referenciado, asinan o presente en A Coruña a vintenoventa de outubro de dous mil dez.

DIRECTORA XERENTE  
XAP CO

Pola Xerencia de Atención Primaria

Polas Centrais Sindicais

*[Handwritten signatures and names for Xerencia de Atención Primaria]*  
 C. E. S. M.  
 I. Pat. Puigjaldó  
 OMECA

*[Handwritten signatures and names for Polas Centrais Sindicais]*  
 UXT  
 ADOLFO PEREZ FERNANDEZ  
 SAE  
 CSIF



ANEXO I  
BAREMO PERSOAL  
(SÓ ANTIGÜIDADE)

1. Experiencia profesional:

1- Servizos prestados como persoal estatutario fixo:

1.1- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario fixo na categoría na que concursa en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,60 puntos/mes.

1.2- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario fixo noutra categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,25 puntos/mes.

2- Servizos prestados como persoal estatutario temporal:

2.1- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario temporal na categoría na que se concursa en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,30 puntos/mes.

2.2- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario temporal noutra categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,10 puntos/mes.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada epígrafe do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada epígrafe será o cociente enteiro, desprezándose os decimais.

DIRECTORA XERENIA XAP CC

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*  
A CORUÑA  
CIAREA

UXT  
ADOLTO PEREZ TERRADEZ  
*[Handwritten signature]*  
SME  
92.07.02.10.10